

Dirección Xeral de Formación Profesional
Rede de Integrados de Formación Profesional**Modelo MD85PRO08****Programación do módulo de proxecto**

CIFP Politécnico de Santiago

Curso: 2024 - 2025

Ciclo formativo

Familia profesional	Ciclo formativo	Grao	Réxime	Modalidade
Madeira, moble e cortiza	CS DESEÑO E AMOBLAMENTO	Superior	Ordinario	Presencial

Profesorado participante

Titor/a	Alejandro García Dacosta
Profesor	Álvaro Blanco Vázquez
Profesor	Paula María López Álvarez
Profesor	José Antonio Pose Rodríguez
Profesora	Laura Silva Teijeiro



Índice

1	Introdución e contextualización	3
2	Especificacións sobre as características e alcance do traballo a realizar no desenvolvemento do módulo.....	3
3	Resultados de aprendizaxe, criterios e instrumentos de avaliación.....	3
4	Relación de actividades a desenvolver polo alumnado, xunto coa coordinación e participación do profesorado	4
5	Especificación detallada do conxunto de actividades e tarefas a realizar polo alumnado	5
6	Horarios previstos para as actividades de titoría e seguimento, canles de comunicación, prazos de entrega para a súa supervisión, formato de presentación e exposición final.....	5
7	Mínimos esixibles para acadar unha avaliación positiva no módulo e criterios de cualificación ...	5
8	Procedementos para avaliar a propia programación	7
9	Orientacións máis salientables para comunicar ao alumnado.....	7

1 Introducción e contextualización

Para as competencias que se pretenden acadar neste módulo, atopamos dificultades no entorno produtivo do contorno de Santiago de Compostela debido a que existen poucas empresas do sector do moble que demandan profesionais cualificados, polo que temos que estendernos a área da provincia da Coruña. Este módulo desenvólvese paralelo o da FCT, e unha vez que o alumno teña acadados todos os demais módulos do ciclo.

2 Especificacións sobre as características e alcance do traballo a realizar no desenvolvemento do módulo

Neste módulo imos realizar un proxecto completo de deseño e amoblamento que abarque todos os módulos do ciclo, para isto imos utilizar o PROXECTO DO MOBLE que se realizou nos módulos de Deseño en CM e Desenvolvemento de produto en Carpintería e Moble, e ímoslle incorporar a creación dunha empresa coa planta de fabricación, onde se deseñaría e produciría este produto, coa parte administrativa.

3 Resultados de aprendizaxe, criterios e instrumentos de avaliación

Criterios de avaliación	Instrumentos de avaliación	Mínimos esixibles (S/N)	Peso na cualificación
RA1. Identifica necesidades do sector produtivo en relación con proxectos tipo que as poidan satisfacer.	EXPOSICIÓN E DEFENSA DO PROXECTO DIANTE DO TRIBUNAL	S	10%
CA1.1. Clasifícanse as empresas do sector polas súas características organizativas e o tipo de produto ou servizo que ofrecen.			
CA1.2. Caracterízanse as empresas tipo e indícanse as súas estruturas organizativas e as funcións de cada departamento.			
CA1.3. Identifícanse as necesidades máis demandadas ás empresas.			
CA1.4. Valoráronse as oportunidades de negocio previsibles no sector.			
CA1.5. Identifícase o tipo de proxecto requirido para dar resposta ás demandas previstas.			
CA1.6. Determináronse as características específicas requiridas ao proxecto.			
CA1.7. Determináronse as obrigas fiscais, laborais e de prevención de riscos, e as súas condicións de aplicación.			
CA1.8. Identifícanse as axudas e as subvencións para a incorporación de novas tecnoloxías de produción ou de servizo que se propoñan.			
CA1.9. Elaborouse o guión de traballo para seguir na elaboración do proxecto.			
RA2. Deseña o proxecto relacionado coas competencias expresadas no título, onde inclúe e desenvolve as fases que o compoñen.	EXPOSICIÓN E DEFENSA DO PROXECTO DIANTE DO TRIBUNAL	S	20%
CA2.1. Compilouse información relativa aos aspectos que se vaian tratar no proxecto.			
CA2.2. Realizouse o estudo da viabilidade técnica do proxecto.			
CA2.3. Identifícanse as fases ou as partes que compoñen o proxecto, e o seu contido.			
CA2.4. Establecéronse os obxectivos e identifícase o seu alcance.			
CA2.5. Prevíronse os recursos materiais e persoais necesarios para realizar o proxecto.			
CA2.6. Realizouse o orzamento correspondente.			
CA2.7. Identifícanse as necesidades de financiamento para a posta en marcha do proxecto.			
CA2.8. Definiuse e elaborouse a documentación necesaria para o seu deseño.			
CA2.9. Identifícanse os aspectos que se deben controlar para garantir a calidade do proxecto.			

Crterios de avaliación	Instrumentos de avaliación	Mínimos esixibles (S/N)	Peso na cualificación
RA3. Planifica a posta en práctica ou a execución do proxecto, para o que determina o plan de intervención e a documentación asociada.	EXPOSICIÓN E DEFENSA DO PROXECTO DIANTE DO TRIBUNAL	S	20%
CA3.1. Estableceuse a secuencia de actividades ordenadas en función das necesidades de posta en práctica.			
CA3.2. Determináronse os recursos e a loxística necesarios para cada actividade.			
CA3.3. Identificáronse as necesidades de permisos e autorizacións para levar a cabo as actividades.			
CA3.4. Determináronse os procedementos de actuación ou execución das actividades.			
CA3.5. Identificáronse os riscos inherentes á posta en práctica e defínese o plan de prevención de riscos, así como os medios e os equipamentos necesarios.			
CA3.6. Planificouse a asignación de recursos materiais e humanos, e os tempos de execución.			
CA3.7. Fíxose a valoración económica que dea resposta ás condicións da posta en práctica.			
CA3.8. Defínese e elaborouse a documentación necesaria para a posta en práctica ou execución.			
RA4. Define os procedementos para o seguimento e o control na execución do proxecto, e xustifica a selección das variables e dos instrumentos empregados.	EXPOSICIÓN E DEFENSA DO PROXECTO DIANTE DO TRIBUNAL	S	5%
CA4.1. Defínese o procedemento de avaliación das actividades ou intervencións.			
CA4.2. Defínense os indicadores de calidade para realizar a avaliación.			
CA4.3. Defínese o procedemento para a avaliación das incidencias que se poidan presentar durante a realización das actividades, así como a súa solución e o seu rexistro.			
CA4.4. Defínese o procedemento para xestionar os cambios nos recursos e nas actividades, incluíndo o sistema para o seu rexistro.			
CA4.5. Defínese e elaborouse a documentación necesaria para a avaliación das actividades e do proxecto.			
CA4.6. Estableceuse o procedemento para a participación na avaliación das persoas usuarias ou da clientela, e elaboráronse os documentos específicos.			
CA4.7. Estableceuse un sistema para garantir o cumprimento do prego de condicións do proxecto, cando este exista.			
RA5. Elabora e expón o informe do proxecto realizado, e xustifica o procedemento seguido.	EXPOSICIÓN E DEFENSA DO PROXECTO DIANTE DO TRIBUNAL	S	5%
CA5.1. Enunciáronse os obxectivos do proxecto.			
CA5.2. Describiuse o proceso seguido para a identificación das necesidades das empresas do sector.			
CA5.3. Describiuse a solución adoptada a partir da documentación xerada no proceso de deseño.			
CA5.4. Describíronse as actividades en que se divide a execución do proxecto.			
CA5.5. Xustificáronse as decisións tomadas de planificación da execución do proxecto.			
CA5.6. Xustificáronse as decisións tomadas de seguimento e control na execución do proxecto.			
CA5.7. Formuláronse as conclusións do traballo realizado en relación coas necesidades do sector produtivo.			
CA5.8. Formuláronse, de ser o caso, propostas de mellora.			
CA5.9. Realizáronse, de ser o caso, as aclaracións solicitadas na exposición.			
CA5.10. Empregáronse ferramentas informáticas para a presentación dos resultados.			

4 Relación de actividades a desenvolver polo alumnado, xunto coa coordinación e participación do profesorado

Que e para que	Como			Con que	Con que se valora
Actividade (título e descrición)	Profesorado (en termos de tarefas)	Alumnado (tarefas)	Resultados ou produtos	Recursos	Avaliación
ELABORACIÓN DUN PROXECTO DE DESEÑO E AMOBLAMENTO	Seguimento e aclaración de dúbidas, xa que todas as tarefas asociadas foron desenvolvidas ao longo do Ciclo Formativo nos diversos módulos.	Coñecemento dos fundamentos dun proxecto. Utilización das TIC na procura de información e na realización do proxecto. Autonomía e iniciativa.	PROXECTO DE DESEÑO E AMOBLAMENTO	Aclaracións. Visitas persoais no instituto. Correo electrónico. Teléfono	Traballo Reunións de seguimento. Exposición do proxecto.
TOTAL					



5 Especificación detallada do conxunto de actividades e tarefas a realizar polo alumnado

1. Realización do documento do Proxecto de Deseño e Amoblamento cos apartados que detallamos nos mínimos esixibles que indicamos no seguinte apartado.
2. Asistir as reunións das revisións co titor do proxecto nas datas indicadas.
3. Entrega do proxecto na data prevista.
4. Defensa do proxecto e exposición diante de todo o equipo docente.

6 Horarios previstos para as actividades de titoría e seguimento, canles de comunicación, prazos de entrega para a súa supervisión, formato de presentación e exposición final

Antes do inicio das FCT's, farase unha relación das reunións previstas co alumnado no centro educativo, coa data e aula. As reunións faranse os martes ás 08:30 horas.

7 Mínimos esixibles para acadar unha avaliación positiva no módulo e criterios de cualificación

Neste módulo imos realizar un proxecto completo de deseño e amoblamento que abarque todos os módulos do ciclo, para iso imos utilizar o PROXECTO DO MOBLE que realizaron nos módulos de Deseño en CM e Desenvolvemento de produto en CM, e ímoslle incorporar a creación dunha empresa coa planta de fabricación, onde se deseñaría e fabricaría este produto, coa parte administrativa.

PUNTOS MÍNIMOS EXIXIBLES QUE DEBEN SER TRATADOS NO MÓDULO DE PROXECTO son:

1. Índice
2. Ubicación do proxecto e sector produtivo ó que pertence.
 - Presentación e situación no sector.
 - Xustificación do proxecto no mercado.
3. Simulación da empresa onde se fabrique este proxecto.
 - Caracterización da empresa tipo.
 - Estrutura organizativa e recursos humanos.
 - Funcións de cada departamento.
 - Situación xeográfica da mesma.
4. Disposición en planta da empresa (Lay Out).
 - Planta de produción con dúas liñas de fabricación taboleiros e madeira maciza.



- Instalacións: aspiración e canalización cara o lugar de almacenaxe (silos), sistema de aire comprimido.
 - Describe as distintas zonas: Mecanizado, Almacéns, Oficina técnica, Zona de exposición
 - Maquinaria, ferramentas eléctricas,...
 - Transporte de materiais internos e externos.
5. Xestión produtiva da empresa.
- Diagrama de fluxos da empresa.
 - Provedores.
 - Subministradores.
 - Modelo de xestión do almacenaxe. Codificación dos materiais.
6. Calidade , prevención de riscos e medio ambiente.
- Plano do taller indicando os sistemas de prevención, evacuación e medidas contra incendios.
 - Explicación das medidas de prevención, evacuación e medidas contra incendios.
 - Procedementos de calidade empregados no taller.
7. Plan de Viabilidade da empresa (Pendente das peticións do módulo de EIE).
- Forma xurídica da empresa.
 - Plan de investimentos e gastos.
 - Plan de financiamento.
 - Balance inicial e conta de resultados.
 - Análise DAFO.
8. Deseño do proxecto (Elaborado no módulo “Desenvolvemento de produto en CM”).
9. Documentación do proxecto. (Elaborado no módulo “Deseño en CM”).
10. Xustificación e defensa do proxecto.



CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN.

O módulo de proxecto avaliarase coas seguintes proporcións:

- **10% de reunións de seguimento.** Avaliación que realizará o coordinador do proxecto en base ás notas individuais das diferentes reunións planificadas. Calcularase a nota da media aritmética das notas das reunións.
- **60% traballo do proxecto.** A nota calcularase da media aritmética do equipo docente.

CUALIFICACIÓN DO TRABALLO DO MÓDULO DE PROXECTO

REALIZACIÓN DO TRABALLO EN BASE OS APARTADOS DOS MÍNIMOS EXIXIBLES

- **30% exposición do proxecto.** A nota calcularase da media aritmética do equipo docente. Elimínanse a nota superior e inferior se houberse unha diferenza de tres puntos entre elas.

Utilizarase a seguinte táboa:

CALIFICACIÓN DA EXPOSICION DO MÓDULO DE PROXECTO			
ALUMN@:			
BAREMO	1	0,5	0
1. Suscita e mantén a atención			
2. Adaptase ao tempo establecido			
3. Preparouse correctamente			
4. Está ben estruturada			
5. Axustase ao tema tratado			
6. Ten rigor académico			
7. Os materiais de apoio están ben deseñados e elaborados			
8. Os materiais de apoio están ben integrados na exposición			
9. Boa capacidade de resposta ás cuestións suscitadas			
10. Capacidade de síntese			
NOTA TOTAL			

Non se fará a media se algún dos apartados presenta unha nota inferior a 2 puntos, considerando o módulo non superado.

Non entregar proxecto na data prevista ou non realizar a exposición e defensa do mesmo, salvo causa extraordinaria debidamente xustificada, será suficiente para suspender o módulo.

8 Procedementos para avaliar a propia programación

O seguimento da programación realizarase no soporte e coa periodicidade estipulados para este fin polo departamento de calidade.

A práctica docente avaliarase conforme marque o departamento de calidade do centro (enquisas de satisfacción docente, etc.).

9 Orientacións máis salientables para comunicar ao alumnado

No trimestre anterior o período de realización do proxecto se realizará unha reunión con todos os alumnos que poden acceder a este módulo, se lles entregará o documento de organización, cos puntos mínimos esixibles que deben ser tratados no módulo, guía para presentación do proxecto, a avaliación e o calendario.